

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES DE CURTIS

CURSO: 3º ESO

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DATA: 8/5/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Avaliación e cualificación.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
UNIDADE 1: A organización do corpo humano	
<p>1. Coñecer os niveis de organización da materia, definir o concepto de biomolécula e diferenciar as biomoléculas orgánicas das inorgánicas.</p> <p>2. Coñecer as características das células humanas e explicar a función dos orgánulos celulares.</p> <p>3. Explicar o proceso de diferenciación celular e clasificar os distintos tipos de tecidos humanos.</p> <p>4. Definir os conceptos de órgano e aparato.</p> <p>5. Coñecer o microscopio óptico e o microscopio electrónico.</p> <p>6. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre o corpo humano, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.</p> <p>7. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, desenvolver estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.</p> <p>8. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.</p> <p>9. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.</p>	<p>1.1. Identifica os niveis de organización dos seres vivos, define o concepto de biomolécula e recoñece as biomoléculas inorgánicas e as orgánicas.</p> <p>2.1. Recoñece as células humanas como heterótrofas e eucariotas, define estes conceptos e coñece a estrutura e a función da membrana plasmática, do citoplasma e do núcleo.</p> <p>2.2. Recoñece en debuxos os principais orgánulos citoplasmáticos e explica as súas funcións.</p> <p>3.1. Explica o proceso de diferenciación e especialización que sofren as células do organismo e clasifica, describe e coñece a función dos distintos tipos de tecidos.</p> <p>4.1. Explica o concepto de órgano e coñece algúns exemplos; define aparato ou sistema e nomea os principais aparatos do corpo humano e clasifícaos segundo a súa función.</p> <p>5.1. Coñece as características e os elementos do microscopio óptico e o seu manexo, e describe o funcionamento básico do microscopio electrónico.</p> <p>5.2. Identifica imaxes obtidas con microscopio óptico e electrónico.</p> <p>6.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre o corpo humano, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.</p> <p>7.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p> <p>8.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa</p>

<p>10. Utilizar diversos materiais, técnicas e recursos artísticos e aprecio pola pulcritude e estética destes.</p>	<p>activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p> <p>9.1 Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, coida os instrumentos e o material empregado.</p> <p>9.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p> <p>10.1. Elabora traballos e debuxos de células e tecidos con pulcritude e sentido estético.</p>
<p>UNIDADE 2: A alimentación e a nutrición. A dieta.</p>	
<p>1. Diferenciar a nutrición da alimentación e coñecer os diferentes nutrientes que forman parte dos alimentos.</p> <p>2. Coñecer os tipos de alimentos que hai en función dos nutrientes que conteñen e describir a función que realiza cada un deles.</p> <p>3. Describir os grupos de alimentos que forman a roda dos alimentos e coñecer as súas características nutricionais.</p> <p>4. Saber que é a dieta, recoñecer a importancia da dieta equilibrada e coñecer os criterios que hai que seguir para elaborar unha dieta saudable.</p> <p>5. Comprender a importancia da dieta mediterránea para a saúde e recoñecer a existencia doutros tipos de dietas.</p> <p>6. Describir as principais enfermidades ocasionadas pola malnutrición.</p> <p>7. Coñecer que é a contaminación alimentaria e diferenciar os principais tipos de contaminación alimentaria.</p>	<p>1.1. Comprende a diferenza entre a nutrición e a alimentación.</p> <p>1.2. Coñece o que é un nutriente, cales son os principais tipos e a función que desempeña cada un deles.</p> <p>2.1. Recoñece cal é a función dos diferentes alimentos segundo a súa composición nutricional.</p> <p>2.2. Calcula a enerxía que achegan os diferentes alimentos.</p> <p>3.1. Identifica os alimentos que forman parte de cada un dos grupos da roda dos alimentos e coñece os principais nutrientes que conteñen.</p> <p>3.2. Comprende o funcionamento da roda dos alimentos.</p> <p>4.1. Define dieta e dieta equilibrada, e comprende a necesidade de que a dieta sexa equilibrada.</p> <p>4.2. Utiliza os criterios adecuados e é capaz de elaborar unha dieta equilibrada.</p> <p>5.1. Coñece as características de diferentes tipos de dietas.</p> <p>6.1. Explica as características das principais enfermidades orixinadas pola malnutrición.</p> <p>7.1. Coñece a causa da contaminación biolóxica dos alimentos e describe algunhas intoxicacións alimentarias.</p> <p>7.2. Coñece a causa da contaminación química e da contaminación física dos alimentos.</p>

<p>8. Comprender informacións; adquirir vocabulario sobre os alimentos, os nutrientes e as dietas; expresar coñecementos e interese pola lectura de textos.</p> <p>9. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, desenvolver estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.</p> <p>10. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.</p> <p>11. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.</p> <p>12. Apreciar a beleza e o valor da gastronomía como parte do noso ben cultural.</p>	<p>8.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade; adquire vocabulario sobre os alimentos, os nutrientes e a dieta; expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.</p> <p>9.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p> <p>10.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p> <p>11.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, coida os instrumentos e o material empregado.</p> <p>11.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p> <p>12.1. Aprecia importancia da gastronomía como valor cultural.</p>
<p>UNIDADE 3: Aparatos para a nutrición I: dixestivo e respiratorio.</p>	
<p>1. Entender como se produce o intercambio de substancias e que aparatos interveñen niso.</p> <p>2. Coñecer a anatomía do aparato dixestivo.</p> <p>3. Coñecer a fisioloxía do aparato dixestivo.</p> <p>4. Describir a anatomía do aparato respiratorio.</p> <p>5. Comprender os procesos relacionados co intercambio gasoso.</p> <p>6. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre a nutrición, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.</p> <p>7. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, desenvolver estratexias para tratar a información, convertela en</p>	<p>1.1. Explica a diferenza do intercambio de substancias nos seres unicelulares e nos pluricelulares, e coñece os aparatos e sistemas que interveñen.</p> <p>2.1. Identifica os órganos do aparato dixestivo.</p> <p>3.1. Explica e localiza onde se realizan os procesos dixestivos.</p> <p>4.1. Coñece os órganos que interveñen na respiración.</p> <p>5.1. Explica o percorrido do aire a través do aparato respiratorio, a ventilación pulmonar e o intercambio de gases.</p> <p>6.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre o proceso dixestivo e o respiratorio, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita,</p>

<p>coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.</p> <p>8. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.</p> <p>9. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, analizando datos e interpretando os seus resultados.</p> <p>10. Utilizar diversos materiais, técnicas e recursos artísticos e mostrar aprecio pola pulcritude e estética destes.</p>	<p>e mostra interese pola lectura de textos.</p> <p>7.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p> <p>8.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p> <p>9.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, coida os instrumentos e o material empregado.</p> <p>9.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p> <p>10.1. Elabora traballos e esquemas do aparato dixestivo e respiratorio.</p>
<p>UNIDADE 4: Aparatos para a nutrición II</p>	
<p>1. Describir o aparato circulatorio e a circulación sanguínea.</p> <p>2. Coñecer o sistema linfático e as funcións que realiza.</p> <p>3. Explicar a anatomía do aparato excretor e as súas funcións, e estudar outros órganos relacionados coa excreción.</p> <p>4. Coñecer as enfermidades máis frecuentes dos aparatos estudados e adoptar hábitos saudables en relación con estes.</p> <p>5. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os aparatos para a nutrición, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.</p> <p>6. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, desenvolver estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.</p> <p>7. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os</p>	<p>1.1. Coñece os compoñentes do aparato circulatorio e distingue os elementos do sangue.</p> <p>1.2. Coñece as características da circulación sanguínea e interpreta o proceso circulatorio.</p> <p>2.1. Distingue os compoñentes e as funcións do sistema linfático, e coñece qué é o medio interno e cal é a súa función.</p> <p>3.1. Define excreción e coñece os órganos e aparatos implicados nela.</p> <p>4.1. Sabe a importancia que teñen os hábitos saudables e coñece algunhas enfermidades relacionadas cos aparatos estudados.</p> <p>5.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre os aparatos para a nutrición, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.</p> <p>6.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p> <p>7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao</p>

<p>problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.</p> <p>8. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.</p> <p>9. Utilizar diversos materiais, técnicas e recursos artísticos, e apreciar a pulcritude e estética destes.</p>	<p>autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p> <p>8.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, coida os instrumentos e o material empregado.</p> <p>8.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p> <p>9.1. Elabora traballos e debuxos no estudo dos aparatos circulatorio e excretor.</p>
<p>UNIDADE 5: A función de relación</p>	
<p>1. Describir as etapas da función de relación e coñecer os diferentes tipos de receptores do corpo humano.</p> <p>2. Describir a anatomía e o funcionamento do sistema nervioso.</p> <p>3. Explicar as principais glándulas e o funcionamento do sistema endócrino.</p> <p>4. Coñecer a organización e a función do aparato locomotor.</p> <p>5. Coñecer as principais enfermidades e os cuidados básicos dos aparatos relacionados coa función de relación.</p> <p>6. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre a función de relación, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.</p> <p>7. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, desenvolver estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.</p>	<p>1.1. Explica as fases da función de relación, clasifica os receptores segundo o estímulo que perciben, e coñece e describe o funcionamento dos receptores da pel, do olfacto, do gusto, da vista e do oído.</p> <p>2.1 Coñece as partes dunha neurona e o mecanismo de transmisión do impulso nervioso.</p> <p>2.2. Coñece as partes do sistema nervioso central e do sistema nervioso periférico, e as súas funcións. Explica como se producen os actos voluntarios e os actos reflexos, e coñece os compoñentes dun arco reflexo.</p> <p>3.1. Define o concepto de hormona, coñece as principais glándulas endócrinas e as principais hormonas que segrega cada unha, e realiza un esquema do funcionamento do sistema endócrino.</p> <p>4.1. Explica a función dos sistemas esquelético e muscular. Describe a estrutura dun óso e enumera os principais tipos de articulacións e de músculos. Coñece os principais ósos e músculos do organismo.</p> <p>5.1. Coñece algunhas enfermidades que afectan os órganos dos sentidos,</p>

<p>8. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.</p> <p>9. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.</p> <p>10. Utilizar diversos materiais, técnicas e recursos artísticos, e mostrar aprecio pola pulcritude e estética destes.</p>	<p>os sistemas nervioso e endócrino, e o aparato locomotor. Propón algúns coidados para previlos, especialmente os hábitos posturais.</p> <p>6.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre a función de relación, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.</p> <p>7.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p> <p>8.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p> <p>9.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, coida os instrumentos e o material empregado.</p> <p>9.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p> <p>10.1. Elabora traballos e debuxos de neuronas, aparato locomotor e dalgúns órganos receptores.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo persoal: valoraranse os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc). • Realización das actividades de repaso e reforzo na casa. • Realización das actividades específicas de recuperación • Interese e participación nas actividades realizadas. • Puntualidade na entrega das tarefas realizadas. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Boletíns de actividades. • Visualización de videos.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para os alumnos e alumnas que teñan superadas a primeira e segunda avaliación: a cualificación final será a nota media das dúas avaliacións. O traballo telemático realizado desde a suspensión das clases, tanto de ampliación de materia como de recuperación e reforzo, se valorará unicamente para mellorar a nota media final da materia, ata un máximo de 2 puntos. • Para o alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na primeira e/ou segunda avaliación: <ul style="list-style-type: none"> - Se a situación sanitaria permite o regreso ás aulas, realizaránse probas escritas de carácter presencial para recuperar a materia de Bioloxía e Xeoloxía (primeira e segunda avaliacións). - No caso de que o alumnado non poida regresar ás aulas, as probas escritas substituiránse polo traballo telemático de reforzo e recuperación realizados no terceiro trimestre, desde a suspensión das clases. - O profesor, en caso de que o considere necesario, poderá engadir traballo telemático adicional, específico, a aqueles alumnos que o necesiten para superar as competencias, de forma individual. <p>Nestas actividades telemáticas valorarase o traballo persoal do alumnado: se terán en conta os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc.), o interese na realización das tarefas encomendadas, así como o respecto as datas de entrega das mesmas (aquelas entregadas fóra de prazo, sen xustificación, non serán avaliadas).</p> <p>Os alumnos que non aproben a materia en xuño, realizarán unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta programación.</p>

Proba extraordinaria de setembro	O alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na avaliación ordinaria de Xuño, realizará unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta programación.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Valorarase o traballo telemático de recuperación realizados no terceiro trimestre, desde a suspensión das clases.</p> <p>Nestas actividades telemáticas valorarase o traballo persoal do alumnado: se terán en conta os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc.), o interese na realización das tarefas encomendadas, así como o respecto as datas de entrega das mesmas (aquelas entregadas fóra de prazo, sen xustificación, non serán avaliadas).</p> <p>Os alumnos que non aproben a materia en xuño, realizarán unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran na programación oficial (non modificada) do curso 2019-2020.</p>
Procedementos:	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo persoal: valoraranse os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc). • Realización das actividades específicas de recuperación. • Interese e participación nas actividades realizadas. • Puntualidade na entrega das tarefas realizadas.
Instrumentos:	<ul style="list-style-type: none"> • Boletíns actividades de recuperación (substitúen ás probas escritas presenciais que, debido a situación actual, non poden realizarse).

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso, recuperación e reforzo da primeira e segunda avaliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico, onde cada semana se lles informará das tarefas a realizar.</p> <p>Para as actividades, os alumn@s tiveron que ler os documentos suxeridos pola profesora, ver vídeos, e facer boletíns de actividades con preguntas variadas (preguntas de resposta curta, tipo test, de relación, verdadeiro ou falso, análise de textos e interpretación de gráficos e imaxes).</p> <p>O alumnado entrega as tarefas a través correo electrónico, utilizando o formato que lle sexa mais cómodo (pdf, fotos da libreta ou arquivos de texto).</p> <p>As actividades son corrixiadas individualmente, xunto coas explicacións ou aclaracións necesarias a cada alumno e alumna, e enviadas por correo electrónico coa súa calificación.</p> <p>Calquera dúbida, incidencia ou suxestión, é atendida no correo electrónico.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Correo electrónico • Libro de texto • Apuntes-resumos • Vídeos • Boletíns de actividades

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.